



## Instrucción 2/2021 sobre regreso á situación anterior ao 27 de xaneiro de 2021 en materia de traballo a distancia das/dos empregadas/os públicas/os do Concello de Bergondo

A presente Instrucción dítase ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

### 1. Antecedentes

O día 26 de xaneiro de 2021, a Presidencia da Xunta de Galicia ditou o Decreto 8/2021, polo que se adoptaron medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, cuxo artigo primeiro establece con carácter xeral que **quedan restrinxidas a entrada e a saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia considerados individualmente**, coas excepcións tasadas no mesmo, e indicando que a eficacia das medidas previstas no decreto comezará ás 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021 e terminará ás 00.00 horas do día 17 de febreiro de 2021.

Tamén publicou na mesma data a Orde da Consellería de Sanidade, do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, que regula polo miúdo as restriccións ás que queda sometida todo o territorio galego.

Á vista do contido da citada normativa, esta alcaldía ditou a Instrucción núm. 1/2021, sobre o fomento do traballo a distancia dos/das empregados/as públicos/as do Concello de Bergondo, indicando en canto á súa vixencia, que a devandita Instrucción entraría en vigor o 28 de xaneiro de 2021, e estaría en vigor ata terminará ás 00.00 horas do día 17 de febreiro de 2021, agas que o Decreto 8/2021, ampliase a súa vixencia. A devandita vixencia ampliouse ata o pasado xoves 25 de febreiro.

Nesa data, a Presidencia da Xunta de Galicia ditou o Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, incluíndo ao Concello de Bergondo no seu Anexo B.1, na área sanitaria da Coruña, permitindo libres desprazamentos dentro desa área e ampliando a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos ou privados

Tamén publicáronse nesa data dúas Ordes da Consellería de Sanidade do 25 de febreiro de 2021, unha, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a outra, pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo que, rematado o período de vixencia das maiores restriccións establecidas polo Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, e dirixido a todo o persoal empregado público en tódolos sectores administrativos e funcionais do

Concello de Bergondo, **dispoño o restablecemento das condicións de traballo anteriores ao 27 de xaneiro de 2021 con efectos do día 2 de marzo de 2021.**

O resto das condicións de traballo seguirán a rexerse polas instrucións dictadas por esta alcaldía con anterioridade.

Este documento será obxecto de revisión continua, especialmente en atención ás obrigas e ás recomendacións que diten as autoridades sanitarias, e garantindo tamén a debida atención dos servizos públicos.

Así mesmo, se se produce unha variación nas circunstancias epidemiolóxicas da infección ou un rebrote da enfermidade, adoptaríanse as medidas oportunas ao respecto.

A presente instrución será obxecto de difusión entre os/as empregados/as públicos/as mediante a súa notificación por correo electrónico corporativo e no Portal de Transparencia municipal.

Bergondo, 1 de marzo de 2021

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez